

## IES AS TELLEIRAS – MATERIAS PENDENTES PRESENTACIÓN DA MATERIA

Materia / Módulo	<b>Xeografía e Historia</b>	Pág.	1
Curso / Ciclo	<b>Curso 2024-25 - 2º ESO</b>		
Profesor/a responsable	<b>María Saavedra Ricoy</b>		

### CONTIDOS (Temporalizados por Avaliacións)

#### 1º PARCIAL:

- **O inicio da Idade Media.** Introducción á Historia: o traballo do historiador, ciencias auxiliares da Historia, as liñas de tempo e as fontes históricas. Que é a Idade Media? A fragmentación do mundo antigo. Os reinos xermanos e o Imperio Bizantino, a súa cultura e arte.

-**O Islam:** Nacemento e expansión, etapas. A relixión islámica. Arte islámico. O Islam na Península Ibérica: Al-Andalus.

- **A Europa feudal:** A descomposición do Imperio Carolinxio e a orixe do feudalismo. Concepto de feudo e vasalaxe. A monarquía feudal. A sociedade feudal. Os estamentos: nobres, clérigos e labregos. A economía feudal: explotación do gran dominio.

#### 2º PARCIAL:

- **A cidade medieval:** A recuperación da vida urbana. Os grupos sociais nas cidades: nacemento da burguesía. Artesanía e comercio na cidade medieval: gremios e feiras. O afianzamento do poder real. A crise da Baixa Idade Media.

- **Arte na Idade Media:** Románico e Gótico, características destacadas da súa arquitectura, escultura e pintura, a importancia do artista, estudo das obras máis representativas. Galicia na Idade Media.

- **A Idade Moderna:** A era das exploracións, era precolombina, viaxes e descubrimentos. O nacemento do Estado Moderno, monarquías autoritarias, os RRCC, os Austrias e a organización do Imperio. Reforma Relixiosa. Novas formas de pensar: Humanismo. Renacemento e Barroco.

### PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN

- Ao longo do curso o alumnado da E.S.O. que promocionou de nivel tendo suspendida algunha das materias impartidas polo Departamento de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia recibirá o correspondente reforzo educativo coa finalidade de que poida aprobar a materia.

## IES AS TELLEIRAS – MATERIAS PENDENTES PRESENTACIÓN DA MATERIA

- Durante o curso os alumnos e as alumnas coa materia de Xeografía e Historia 2º ESO pendente realizarán **Boletíns de Actividades de Reforzo** propostos polo Departamento. O docente que imparta clase a estes alumnos e alumnas encargarse de supervisar e avaliar a realización das actividades propostas, controlando deste xeito o traballo realizado polo alumnado. Os alumnado poderá consultar ao profesor/a calquera tipo de dúbidas e problemas que se lle poidan presentar na elaboración das actividades.

- **A materia dividirase en dous parciais. Para poder aprobar os correspondentes parciais** os alumnos e as alumnas deberán presentar as **actividades dos Boletíns de Reforzo completas e correctas**. A materia quedará superada se se dan as seguintes circunstancias:

- **Aprobando ambos parciais** (é dicir, obtendo un 5 como mínimo en cada un deles).

- **Obtendo unha cualificación  $\geq$  que 5** na media aritmética das cualificacións dos parciais.

Nota: (Nota 1ºParcial + Nota 2º Parcial) / 2.

- **Aqueles alumnos ou alumnas que non aproben** a materia deste xeito poderán realizar unha **Proba final** no mes de maio, que se puntuará sobre 10 e na que entrarán todos os contidos traballados. Esta proba terá a seguinte estrutura:

- Unha primeira parte será de carácter teórico e consistirá na definición de conceptos básicos relacionados coa materia, resposta a preguntas curtas, desenvolvemento de breves temas históricos...

- Unha segunda parte será de carácter máis práctico e poderá constar dun comentario guiado dun mapa, gráfico, imaxe,... elaboración de esquemas, clasificación de afirmacións como verdadeiras ou falsas, completar un mapa...

- O alumnado que **non aprobe a materia pendente na Proba Final** do mes de maio, terá **outra oportunidade para recuperala tras superar as actividades propostas polo/a docente** (poderán ser escritas, orais, interactivas, comentarios, cuestionarios...). **Dita recuperación terá lugar antes da data establecida no Centro para a terceira Avaliación parcial e a sesión de Avaliación Final Ordinaria.**